



DATOS IDENTIFICATIVOS

Humanidades dixitais e literatura en lingua española

Materia	Humanidades dixitais e literatura en lingua española			
Código	V01G430V01701			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Chas Aguión, Antonio			
Profesorado	Chas Aguión, Antonio Luna Selles, Carmen			
Correo-e	achas@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición	introdución ao estudo das humanidades dixitais: historia, carácter interdisciplinar e ámbitos de aplicación xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.			
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.			
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.			
C2	Capacidade para aplicar os métodos de crítica textual á edición dixital de textos literarios para a produción de textos críticos adecuados ao público ao que van dirixidos.			
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.			
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Examinar os coñecementos e o ámbito de aplicación profesional de humanista dixital relacionado de maneira especial coa literatura en lingua española.	A5	B3 B9	C2 C7 C11	
Manexar a instrumental dixital para o estudo e investigación das literaturas en lingua española.	A1	B3 B9	C2 C7 C11	D3
Avaliar críticamente as achegas de diferentes portais, recolectores e outras fontes de información.	A1 A5	B2 B3 B9	C2 C7 C11	D3

Contidos

Tema	
1. Introducción ao estudo das humanidades dixitais.	1.1. Definición 1.2. Historia
2. Clasificación	2.1. Bibliotecas dixitais 2.2. Repertorios 2.3. Bases de datos dixitais
3. Principais portais	3.1. Portais 3.2. Recolectores 3.3. Metabuscadores
4. Seminario de humanidades dixitais e literatura hispanoamericana	4.1. Principais exemplos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	8	26
Eventos científicos	4	10	14
Actividades introdutorias	4	0	4
Seminario	18	12	30
Debate	4	4	8
Traballo	0	30	30
Exame de preguntas obxectivas	2	14	16
Presentación	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nas clases teóricas presentarase ao alumnado cada un dos temas de forma organizada, proporcionando a bibliografía precisa. Para cada tema entregarase, a través de Moovi, o desenvolvemento dos capítulos e capítulos, así como a información relativa ao contido das clases presenciais.
Eventos científicos	Está prevista a presenza de polo menos dous conferenciantes, de quen o alumnado recibirá información previa. Estas dúas sesións orixinarán a realización dun pequeno traballo, de acordo coas condicións (tema, formato e prazo de entrega) que serán expostas nos primeiros días de clase.
Actividades introdutorias	Nas primeiras horas de docencia presencial están previstas sesións informativas para aclarar ao alumnado a metodoloxía relativa á materia: tarefas, traballos e sistema de avaliación.
Seminario	Nas sesións dedicadas ao seminario exporase tanto a aplicación práctica correspondente á docencia presencial como a exposición dos traballos obrigatorios para superar a materia.
Debate	Todas as exposicións estarán obrigatoriamente seguidas por unha sesión de debate en que o alumnado que expuxo o seu traballo haberá de fomentar, como parte importante da súa tarefa, o diálogo e a confrontación de diferentes perspectivas.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballo	Na realización dos traballos o alumnado contará coa atención personalizada por parte dos docentes, tanto nas sesións prácticas na aula como en horario de titorías, previa cita, ben sexa no despacho físico ou virtual.
Presentación	Parte importante da consecución de resultados recaerá na presentación, tanto escrita como oral, do traballo, polo que o alumnado recibirá atención personalizada por parte dos docentes, en cita concertada.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Eventos científicos	Están planificadas polo menos dúas conferencias que haberán de orixinar a realización dun resumo valorativo e crítico por parte do alumnado.	20 A5	B2 C7 B9 C11

Debate	Nas sesións de debate valorarase tanto a capacidade para suscitalo (tras a exposición do traballo) como a participación por parte dos e as asistentes.	10	A1 A5	B2 B9	C7	
Traballo	<p>Todo o alumnado deberá de realizar dous traballos, un para cada un dos profesores da materia, de forma obrigatoria:</p> <p>1) un traballo de acordo co tema e as características que se acordarán nas sesións introductorias co profesor Antonio Chas Aguión.</p> <p>2) un traballo relativo ao tema final (seminario de literatura en lingua española), de acordo coas directrices que lle encargará a profesora Carmen Luna Sellés.</p> <p>A cualificación desta parte acharase da media de ambos os traballos.</p>	40	A1 A5	B2 B3 B9	C2 C7 C11	D3
Exame de preguntas obxectivas	A metade de cuadrimestre realizarase un exame relativo aos dous primeiros temas, con preguntas breves de rápida resposta.	20	A1 A5	B2 B9	C2 C11	D3
Presentación	Será materia de avaliación a presentación tanto formal como oral dos traballos encargados.	10	A1 A5	B2 B9	C2 C7	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira convocatoria de actas o alumnado poderá decidir si segue a avaliación continua (e se aplicará a porcentaxe para cada proba arriba consignado) ou única; neste caso habrá de realizar un exame que contará o 100% da calificación. Quen teña que acudir á segunda oportunidade ou posteriores será avaliado cunha única proba, que equivaldrá ao 100% da calificación, na data fixada oficialmente pola Xunta de Facultade. Lémbrese a importancia para todas as probas da corrección lingüística na expresión oral e escrita. Así mesmo, a copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de proba levará a ser calificado cun 0. Alegar descoñecemento do que supón o plaxio non eximirá das responsabilidades derivadas neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GONZÁLEZ, D. y H. GARCÍA SABELL, **Humanidades digitales. Una mirada hacia la Edad Media**, Berlín, De Gruyter, 2019

GALINA RUSELL, I. y otros, **Humanidades digitales: lengua, texto, patrimonio y datos**, México, Bonilla Artigas, 2019

GALINA RUSELL, I. y otros, **Humanidades digitales : edición, literatura y arte**, México, Bonilla Artigas, 2018

VINCK, D., **Humanidades digitales: la cultura frente a las nuevas tecnologías**, Barcelona, Gedisa, 2018

Bibliografía Complementaria

Recomendacións